

<b>Título</b>	<b>Expectativas e esixencias</b>
<b>Persoas</b>	2 facilitadores/as
<b>Obxectivos</b>	Axudar a que os participantes distingan entre as diferentes expectativas que a sociedade contemporánea ten postas nos mozos e mozas, nos homes e mulleres
<b>Enfoque</b>	Nesta actividade organízase unha tormenta de ideas para axudar os participantes a se decatar das distintas expectativas e esixencias que se esperan das mozas (ou mulleres nova) e dos mozos (ou homes novos) na sociedade actual. Permite analizar a fondo os conceptos de xénero.
<b>Materiais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cinco follas de rotafolio</li> <li>• Unha parede grande</li> <li>• Cinta</li> <li>• Un rotulador para cada participante</li> </ul>
<b>Descrición</b>	
<b>Tempos</b>	<b>Paso a paso</b>
	<p>Poñer as 5 follas do rotafolio na parede. En cada unha escribe un dos seguintes ámbitos típicos onde mozas e mozos, mulleres e homes afrontan expectativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• escola</li> <li>• familia</li> <li>• amigos</li> <li>• sociedade</li> <li>• parella</li> </ul> <p>Divide cada folla en dúas columnas: nunha escribe o título «MOZOS» ou «homes» e na outra «MOZAS» ou «mulleres».</p>
	<p>Pídelles aos participantes que pensen durante uns minutos o que cren que se espera ou que se esixe de mozas e mozos nos distintos ámbitos identificados nas follas da parede.</p> <p>Mentres reflexionan, poden camiñar ou sentar, pero débeno facer de modo individual. Cando se lles ocorra algunha idea, escribirana na columna correspondente na folla adecuada.</p>
	<p>Unha vez concluída a fase de tormenta de ideas, divide os participantes en cinco grupos. Cada grupo escolle unha folla e debaterá o seu contido. As seguintes preguntas poden orientar os participantes no debate.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que diferencias se poden identificar entre o que se espera e se esixe dunha moza e o que se espera e se esixe dun mozo?</li> <li>• Que vos gustaría cambiar?</li> <li>• Como credes que se podería cambiar?</li> </ul>

	Cada grupo presenta brevemente os resultados do seu debate a todo o grupo.
	Recapitulación e valoración. Abre o debate repasando os resultados do traballo en grupo. Pregúntalles aos participantes pola reacción inicial ante os resultados, que lles parece e se hai algo que os sorprenda, e por que. Continúa co debate utilizando as seguintes preguntas para orientarte: <ul style="list-style-type: none"><li>• De onde proveñen esas expectativas?</li><li>• Poden mozas e mozos cumprir con elas?</li><li>• Quen fomenta estas expectativas?</li><li>• Como as fomentamos nós mesmos (consciente ou inconscientemente)?</li><li>• Como lles afectan estas expectativas aos mozos e mozas?</li><li>• Como podemos nós contribuír de maneira positiva a cambiar a situación?</li></ul>
<b>Fonte</b>	<a href="http://www.eycb.coe.int/gendermatters/pdf/Gender_matters_EN.pdf">http://www.eycb.coe.int/gendermatters/pdf/Gender_matters_EN.pdf</a> <a href="https://www.mimp.gob.pe/files/programas_nacionales/pncvfs/Proyecto_Apoyo_Asociacion_Juristas/Las_Cuestiones_de_Genero_son_importantes.pdf">https://www.mimp.gob.pe/files/programas_nacionales/pncvfs/Proyecto_Apoyo_Asociacion_Juristas/Las_Cuestiones_de_Genero_son_importantes.pdf</a>